

Providencia de inicio - memoria xustificativa da necesidade.

Antecedentes:

1. O Pleno do Concello con data 29 de novembro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

1º) Aprobar o proxecto de obras: Proxecto de execución para a ampliación do pavillón municipal de deportes, sito na aldea de Pedrouzos, Concello de Brión, redactado polo arquitecto Antonio J. Ferreiro Novo, COAG 3060, de data outubro de 2021, que ascende á cantidade de: 485.404,29 euros, IVE incluído.

2º) Solicitar á Deputación Provincial da Coruña unha subvención nominativa para a execución deste proxecto polo importe de: 150.000 euros, IVE incluído, que representa un coeficiente de financiamento do:30,90%, sendo o resto por importe de: 335.404,29 euros, IVE incluído, por conta do Concello, que representa un coeficiente de financiamento do:69,10%.

3º) Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento deste investimento.

4º) Facultar expresamente á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente

2. Logo de tramitado o expediente de solicitude de subvención, pola alcaldía con data 28 de outubro de 2022, ditouse a seguinte resolución:

1. O Pleno do Concello con data 29 de novembro de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1º) Aprobar o proxecto de obras: Proxecto de execución para a ampliación do pavillón municipal de deportes, sito na aldea de Pedrouzos, Concello de Brión, redactado polo arquitecto Antonio J. Ferreiro Novo, COAG 3060, de data outubro de 2021, que ascende á cantidade de: 485.404,29 euros, IVE incluído; e igualmente solicitar unha subvención nominativa á Deputación para a execución deste proxecto.

Logo de remitida a documentación técnica á Deputación pola mesma se requiriu por dúas veces ao Concello para facer unha serie de correccións no proxecto técnico.

Presentado polo arquitecto autor do proxecto o texto refundido do mesmo onde se dá cumprimento aos requirimentos da Deputación.

Considerando que o Pleno referenciado facultou expresamente a esta alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión do acordo e do correspondente expediente, resolvo:

1º) Aprobar o proxecto de obras: Proxecto refundido de execución para a ampliación do pavillón municipal de deportes, sito na aldea de Pedrouzos, Concello de Brión, redactado polo arquitecto Antonio J. Ferreiro Novo, COAG 3060, de data outubro de 2022, que ascende á cantidade de: 540.346,08 euros, IVE incluído.

2º) Remitir o proxecto á Deputación para a continuación da tramitación do expediente de solicitude de subvención nominativa.

3. Con data 22.01.2024 asinouse o convenio de colaboración entre o Concello e a Deputación, e o Pleno do Concello en sesión de data 7 de febreiro de 2024, acordou ratificar o convenio asinado, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de ampliación do pavillón municipal de deportes, sito na aldea de Pedrouzos, polo que en resumo a Deputación financiará as obras do proxecto técnico referenciado por importe de: 540.346,08 euros, coa cantidade de:150.000,00 euros, sendo o resto por conta do Concello, e cunha vixencia ata o 31.10.2025, debendo solicitarse, no seu caso, prórroga para remate e xustificación antes do 30.09.2025, prórroga que en ningún caso poderá exceder do 31.10.2026.

As necesidades a satisfacer son as que figuran no proxecto descrito, consistindo as obras en resumo, en dotar ao Concello dun recinto adecuado ou espazo multiusos que puidese, por unha banda, ser sede de competicións deportivas e por outro acoller encontros culturais e sociais de calquera tipo, como concertos ou exposicións. Ademais, servirá de apoio ás instalacións dos colexios adxacentes, CEIP de Pedrouzos e IES de Brión, podéndose desenvolver actividades extraescolares ou outras que se necesiten, sendo necesario para o cumprimento das competencias municipais (art. 25.2.d), l) e m) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local).

Dadas as características e o valor estimado da obra segundo o art. 101 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) que se corresponde co prezo de contrata menos o IVE, considérase como procedemento máis axeitado para a súa adxudicación o procedemento aberto simplificado mediante a aplicación de fórmulas.

Á vista das competencias que me confire a Disposición Adicional segunda da LCSP, dispoño:

1º) Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato de obras sinalado e realizar a contratación da obra: **Proxecto de execución para a ampliación do pavillón municipal de deportes, sito na aldea de Pedrouzos, cun orzamento de: 540.346,08 euros, IVE incluído**, por procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) previsto no art. 159 da LCSP cun único criterio de valoración, o factor prezo, mediante anuncio no perfil de contratante do Concello, consonte co disposto no prego tipo da Deputación por procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas), cun único criterio de adxudicación, o factor prezo, que resulta de obrigado cumprimento, segundo o disposto na cláusula 4 do convenio.

2º) Que se incorporen os pregos de cláusulas administrativas particulares mediante procedemento aberto simplificado (mediante a aplicación de fórmulas) previsto no art. 159 da LCSP cun único criterio de adxudicación, o factor prezo, segundo pregos tipo da Deputación, xunto co anexo I do cadro de características do contrato.

3º) Que emita informe secretaría sobre o procedemento a seguir e sobre os pregos de cláusulas administrativas particulares unha vez incorporados ao expediente.

4º) Que pola intervención municipal se faga a retención de crédito, que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.